

A partir do 1 de febreiro de 2014, todas as transferencias (domiciliacións bancarias) realizaranse de acordo coas regras da Zona Única de Pagamentos en Euros (Single Euro Payments Area, SEPA). Unha das principais novidades é que os usuarios dos servizos bancarios deberán utilizar o **código IBAN** (Código Internacional de Conta Bancaria) para identificar a súa conta, **en lugar do actual código CCC** (Código Conta Cliente). É necesario, a **adaptación da conta bancaria de todos os usuarios no prazo previsto**.

Dende o **Servizo de Retribucións e Seguros Sociais** fixéronse as migracións dos códigos de conta cliente (CCC) a códigos IBAN completos como identificador da conta.

Aos efectos de que, as transferencias de nómina, a partir do 1 de febreiro de 2014 se realicen coas regras SEPA e sen ningunha incidencia, achégase xunto con este escrito copia da nómina do mes de novembro de 2013, onde figura na parte superior esquerda o seu código IBAN resultante da migración.

**É fundamental consultar coa súa entidade bancaria o seu código IBAN e comprobar que é coincidente co que figura no seu recibo de nómina.** De non ser coincidente deberá remitir, o máis axiña posible, por correo ordinario ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais, ou electrónico (consultanomina@uvigo.es), unha certificación do seu código IBAN.

Para máis aclaración prégase dirixirse ao Servizo de Retribución e Seguros Sociais no teléfono 986 81 35 78 ou por medio do correo electrónico.

Vigo, 28 de novembro de 2013

O XERENTE



Manuel Fernández Jauregui